



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ACTA II DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A DXUDICACIÓN DO INVESTIMENTO DE “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS”

Na Casa do Concello de A Illa de Arousa, sendo as doce horas do día seis de agosto de dous mil dezaoto, reúnese a Mesa de Contratación para a adxudicación do investimento de “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS”, presidida polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Iglesias Cores, asistindo como vocais os Concelleiros D. Alfonso Salgado Alonso, D. Juan José González Vázquez e Dna. Laura Castro Rial, o Secretario-Interventor D. Daniel Angel Lamas Bello, a Arquitecta municipal Dna. Pastora Parada Portas, e actuando como secretario o funcionario D. Xoán Manuel Dopico Orjales.

O Sr. Secretario informa que unha vez admitidas as ofertas de todas as empresas participantes na licitación, pola mesa de contratación en xuntanza celebrada o 16 de xullo de 2018 e acordada a remisión dos sobres B ó equipo redactor do proxecto, por este se emite informe no que se advirte da necesidade de solicitar aclaración sobre determinados aspectos da información contida nos sobres, ós efectos de poder valorar convenientemente as ofertas presentadas.

Pola Alcaldía se informa que a aclaración deriva da información facilitada en relación co proxecto orixinario e que foi obxecto de modificación para adaptalo ós requerimentos efectuados polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e no que atinxe a determinados aspectos da memoria constructiva que resultaron afectados pola modificación e a documentación facilitada polo equipo redactor que se publicou no perfil do contratante. Engade que as empresas participantes deberían aclarar as súas ofertas para a valoración.

Unha vez informados todos os membros da mesa de contratación e sendo imprescindible esta aclaración para a valoración dos sobres B segundo o indicado polo equipo redactor, se acorda:

Requirir ás entidades participantes na licitación e que foron admitidas no proceso para que aclaren as ofertas incluídas nos sobres B relativos a documentación avaliable a través de xuízo de valor, concedendo un prazo de ata o venres 17 de agosto de 2018 para presentar no rexistro do Concello a mesma.

Así mesmo e para o caso de existencia de dúbidas de carácter técnico, se acorda facilitar o correo electrónico do equipo redactor para a súa resolución.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as doce e trinta horas do día da data levántase a sesión, da que eu como secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DA MESA





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es



OS VOCAIS



Juan José



David Louza



Alejo



lle